

ABERTA A SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DE MOBILIDADE DENTRO DO PROXECTO KA-121 SCH 2024

Prezado profesorado:

Requirimos de novo da vosa participación. Nesta ocasión pretendemos facer unha previsión das actividades de mobilidade que poderemos levar a cabo dentro do novo proxecto KA 121 SCH para o próximo curso 2024/2025.

Ao contar coa Acreditación no sector de Educación Escolar, a KA-120 SCH, todos os cursos podemos facer unha petición de actividades para favorecer a mobilidade tanto do persoal do noso centro como do noso alumnado.

O feito de que fagades unha petición non significa que dende a Comisión Europea a aproben aínda que para nós, si que axuda moito á hora de planificar o curso que vén.

As actividades que se poden solicitar son as seguintes:

Para o alumnado

Mobilidade en grupo de alumnado escolar (recomendable grupos de ata 12 persoas): un grupo de alumnado do noso centro pode realizar unha estancia de aprendizaxe xunto con outro alumnado no estranxeiro. Dende o noso centro debemos deseñar as actividades de aprendizaxe en colaboración cun centro asociado do país de acollida. Durante toda a actividade, o alumnado debe estar acompañado polo profesorado do centro escolar de envío, e deberán orientar o seu proceso de aprendizaxe.

Mobilidade para a aprendizaxe de curta duración de alumnado escolar (10-28 días): o alumnado pode realizar unha estancia no estranxeiro para estudar nun centro escolar asociado ou realizar un período de formación práctica noutra organización pertinente. Debe definirse un programa de aprendizaxe individual para cada persoa participante. No caso das persoas participantes con menos oportunidades, a mobilidade pode organizarse cunha duración mínima de dous días, sempre que estea xustificado.

Mobilidade para a aprendizaxe de longa duración de alumnado escolar (29-365 días): o alumnado pode realizar unha estancia no estranxeiro para estudar nun centro escolar asociado ou realizar un período de formación práctica noutra organización pertinente. Debe definirse un programa de aprendizaxe individual para cada participante. Todas as persoas participantes recibirán unha formación obrigatoria previa á partida.

Para o persoal:

Aprendizaxe por observación: as persoas participantes poden pasar un período de tempo nunha organización de acollida doutro país co obxectivo de aprender novas prácticas e recompilar novas ideas mediante a observación e a interacción con persoas homólogas, expertos/as ou outros/as profesionais no seu traballo diario na organización de acollida.

Estancias de ensino ou formación: as persoas participantes poden pasar un período de tempo ensinando ou impartindo formación ao alumnado nunha organización de acollida doutro país como forma de aprender a través da realización das súas tarefas e o intercambio coas persoas homólogas.

Cursos e formación: as persoas participantes poden beneficiarse dun curso estruturado ou dun tipo similar de formación impartida por profesionais cualificados, que se baseará nun programa de aprendizaxe predefinido e nos resultados do aprendizaxe.

Outras actividades:

Persoas expertas invitadas: os centros escolares poden invitar a persoas formadoras, profesorado, persoas expertas en políticas ou outros/as profesionais cualificados/as procedentes do estranxeiro que poidan axudar á mellora do ensino e do aprendizaxe no noso centro. Por exemplo, poden impartir formación ao personal do centro, mostrar novos métodos de ensino ou axudar coa transferencia de boas prácticas na organización e xestión.

Acollida de profesorado e persoas educadoras en formación: as organizacións solicitantes poden acoller profesorado en formación que desexe realizar un período de formación práctica no estranxeiro.

Preme de [aquí](#) para acceder ao formulario de solicitude.

Dende o Equipo Erasmus convidámosvos e animámosvos a que participedes nesta experiencia tan enriquecedora.

Unha aperta, o Equipo Erasmus e Vicedirección